## 1. Facer un cuestionario en MOODLE

Facer un cuestionario en Moodle require o desenvolvemento de tres pasos:

1. Facer o noso BANCO DE PREGUNTAS, que comprende:
    a. Crear as **CATEGORÍAS** nas que clasificar as preguntas.
    b. Crear as **PREGUNTAS** que conterá cada categoría.
2. Crear e configurar o **CUESTIONARIO**.
3. Engadir **PREGUNTAS** do noso banco de preguntas ao exame e decidir a súa **CUALIFICACIÓN**.

## 2. Banco de Preguntas: CATEGORIAS e PREGUNTAS.

Para crear cuestionarios é recomendable crear categorías e, dentro das categorías, as súas preguntas.

Estando agrupadas facilitamos a elaboración de cuestionarios xa que podemos seleccionar, filtrar ou agrupar as preguntas que imos empregar no cuestionario.

**CASO PRÁCTICO:** Se temos un banco de preguntas (poñamos por caso 50 agrupadas en 5 categorías), poderemos logo facer cuestionarios empregando só as preguntas que necesitemos (**por exemplo** 20 preguntas escollidas ao azar, sendo 4 de cada unha das 5 categorías que teñamos definidas).

## 3. Consideracións ao elaborar as PREGUNTAS.

- **CATEGORIZACIÓN:** Ter creada a **categoría** ou categorías nas que imos incluír as preguntas.
- **DESORDEN NAS RESPOSTAS:** Decidir se queremos **desorde nas respostas**: Isto permite que as respostas se mostren de xeito aleatorio nesa pregunta, e así cada estudante poderá ter a mesma pregunta, pero as súas respostas estarán nunha orde diferente.

  Debemos empregar o **MESMO CRITERIO en TODAS AS PREGUNTAS**.

  > **NON usar** no caso de que empreguemos respostas do tipo **"Ningunha das anteriores", "Todas as anteriores"** ou **"A e B son correctas"**, etc...

- **TIPO DE PREGUNTA:** As máis empregadas son as de resposta múltiple e as de Verdadeiro e Falso.
  - **PREGUNTA MÚLTIPLE CON UNHA ÚNICA RESPOSTA CORRECTA:** Neste caso dámoslle o valor **100% á resposta correcta.**
  - **PREGUNTA MÚLTIPLE CON VARIAS RESPOSTAS CORRECTAS**: Debemos repartir o 100% do valor da resposta correcta entre as correctas DE XEITO QUE SUMEN O 100%

    **CASO PRÁCTICO:** Se temos 6 respostas das que 2 son correctas e 4 non. Poremos valor 50% nas dúas respostas correctas.
  - **PREGUNTA DE VERDADEIRO/FALSO**: Son preguntas nas que o alumno pode contestar unicamente VERDADEIRO ou FALSO.
  - **PREGUNTA DE ENSAYO**: Son preguntas nas que o alumno pode escribir pequenos textos. Deberán ser puntuadas manualmente polo profesor.
- **PUNTUACIÓN POR DEFECTO**: O habitual é que cada pregunta teña unha ponderación de **un punto**. Poderíamos ter preguntas que puntúen dobre ou triplo que outras, nese caso a pregunta tería valor de 2, 3 (dobre ou triplo respecto a outras).

  O valor da pregunta non temos que confundilo con o valor real de cada pregunta nun cuestionario.

  **CASO PRÁCTICO:**
  - Facemos un **cuestionario de 7 preguntas** ao que lle asignaremos unha nota total de **10.**
  - Poderiamos ter todas as preguntas con **valor 1** (quere dicir que todas importan ou pesan igual).
  - Como todas as preguntas foron definidas con **valor 1 (igual importancia)**, o sistema encárgase de facer a ponderación da nota para que **ter as 7 preguntas correctas sexan un 10**).
  - Sexa cal sexa o número de preguntas do cuestionario, **o sistema encárgase de facer os cálculos** para ponderar as preguntas á nota total que desexemos.
- **PROBA DA PREGUNTA**: Todas as preguntas poden ser probadas para ver se funcionan de xeito correcto.

# 4. Consideracións ao elaborar o CUESTIONARIO.

- **TEMPORALIZACIÓN**: Data e hora dende que o cuestionario estará dispoñible e a duración do mesmo (Os 3 datos son necesarios). Se o alumno non o termina a tempo podemos facer un envío automático se acaba o tempo.
- **INCORPORACIÓN DE PREGUNTAS**:
    - **MANUALMENTE:** Podemos seleccionar manualmente todas ou algunhas das preguntas que desexemos.
    - **AO AZAR:** Podemos incorporar a cantidade de preguntas ao azar que desexemos por cada categoría que teñamos definida (ou por todas as categorías en conxunto).
- **INTENTOS:** Nesta guía rápida básica só faremos cuestionarios de **UN INTENTO**.
- **OPCIÓNS DE REVISIÓN:** O alumno poderá ver os seus acertos e erros ao finalizar o intento, cando xa estea **pechado o cuestionario** para todos os alumnos (segundo as datas de TEMPORALIZACIÓN xa vistas). De este xeito ningún alumno poderá ver antes que outro a corrección das preguntas.
- **DESORDEN DE RESPOSTAS**: Podemos activar a opción se definimos anteriormente todas as nosas preguntas coa opción **"Barajar Respuestas"**.

**NON usar no caso de que empreguemos respostas do tipo "Ningunha das anteriores", "Todas as anteriores" ou "A e B son correctas", etc...**

- **DESORDEN DAS PREGUNTAS**: Permite que as preguntas estean desordenadas para cada alumno.
- **PROBA DO CUESTIONARIO**: Todas os cuestionarios poden ser probados para ver si funcionan de xeito correcto.

# 5. Casos de uso de CATEGORÍAS, PREGUNTAS e CUESTIONARIOS.

## CATEGORÍAS

- CA1010 - **Crear** CATEGORÍAS de preguntas.

## PREGUNTAS

- **PR01000** - **Crear** preguntas - **OPCIÓN MÚLTIPLE**, **VERDADEIRO/FALSO** ou **ENSAYO**.
- **PR01010** - Preparar pregunta de resposta **MÚLTIPLE** con só **UNHA OPCIÓN CORRECTA** e **SEN penalizar incorrectas**.
- **PR01011** - Preparar pregunta de resposta **MÚLTIPLE** con só **UNHA OPCIÓN CORRECTA** e **penalizando incorrectas.**
- **PR1020** - Preparar pregunta de resposta **MÚLTIPLE** con **VARIAS OPCIÓNS CORRECTAS** e **SEN penalizar incorrectas**.
- **PR1021** - Preparar pregunta de resposta **MÚLTIPLE** con **VARIAS OPCIÓNS CORRECTAS** e **penalizando incorrectas.**
- **PR10130** - Preparar pregunta de resposta **VERDADEIRO/FALSO**.
- **PR10140** - Preparar pregunta de **ENSAIO**.
- **PR10150IM** – Importar Preguntas de un documento WORD.

## CUESTIONARIOS - PREPARACIÓN XERAL

- **CU1010SN** - Cuestionario de UN INTENTO, con preguntas que PUNTÚAN ou NON negativo.

## CUESTIONARIOS - PUNTUACIÓN e SELECCIÓN E INCORPORACIÓN DE PREGUNTAS

**CU3090ALE** – Facer que as respostas de cada pregunta sexan aleatorias para cada estudante.

**CU3005PUN -** Establecer **PUNTUACIÓN TOTAL** do cuestionario**.**

**CU3010SEL** - Incorporar preguntas seleccionadas manualmente a un cuestionario.

**CU3010RND** - Incorporar preguntas ao azar dun banco de preguntas a un cuestionario.

**CU3020MEZ** - Facer que as preguntas estean desordenadas para cada alumno.

## CUESTIONARIOS - CUALIFICACIÓNS E INTENTOS DOS ALUMNOS

**CU4010CUAL** - Ver as cualificacións dos alumnos.

**CU4020COR** - Corrección ou rectificación manual dunha nota.

**CU4025DEL** - Eliminar un intento feito por un alumno.

## CA1010 - Creación das categorías de preguntas

- Convén crear categorías de preguntas para logo poder seleccionalas de xeito máis sinxelo.
- As categorías as creamos sen seleccionar categoría padre, salvo que queiramos facer subcategorías



## PR01000 - Crear preguntas - OPCIÓN MÚLTIPLE, VERDADEIRO/FALSO ou ENSAYO

- É necesario seleccionar a **CATEGORÍA** e o **TIPO DE PREGUNTA**




- Seleccionamos **OPCIÓN MÚLTIPLE**, **VERDADEIRO/FALSO** ou **ENSAYO** segundo o caso.




- As categorías nos permiten facer cuestionarios seleccionando preguntas de determinadas categoría ou de todas. É unha organización necesaria. Por exemplo, podemos crear un cuestionario con 5 preguntas de cada categoría.

## PR01010 - Preparar pregunta de resposta MÚLTIPLE con só UNHA OPCIÓN CORRECTA e SEN penalizar incorrectas.

- Recomendación de non cambiar a puntuación por defecto (que é 1).
- Recomendable a opción de **"Barajar respuestas"**, para que cada alumno as teña desordenadas.

**NON usar** no caso de que empreguemos respostas do tipo **"Ningunha das anteriores"**, **"Todas as anteriores"** ou **"A e B son correctas"**, etc...




- Imos configurar as respostas, neste caso a resposta correcta debe ter o valor 100% e decidimos NON descontar as negativas.


Respuestas
Elección 1
50 Millóns de Anos
Calificación
Ninguno
Incorrecta NON penaliza
Retroalimentación
Elección 2
55 Millóns de Anos
Calificación
Ninguno
Incorrecta NON penaliza
Retroalimentación
Elección 3
66 Millóns de Anos
Calificación
100%
Esta é a correcta (100%)
Retroalimentación
Elección 4
81 Millóns de Anos
Calificación
Ninguno
Incorrecta NON penaliza
Retroalimentación

- Deixamos preparada a pregunta por se a utilizamos nalgunha ocasión en cuestionarios de MÚLTIPLES INTENTOS. Establecemos penalización do 20% para o segundo e posteriores intentos. Esta penalización non terá efecto se utilizamos a pregunta en cuestionarios de un ÚNICO INTENTO.



## PR01011- Preparar pregunta de resposta MÚLTIPLE con só UNHA OPCIÓN CORRECTA e penalizando incorrectas.

- Recomendación de non cambiar a puntuación por defecto ( que é 1)
- Recomendable a opción de **"Barajar respuestas"**, para que cada alumno as teña desordenadas.

**NON usar** no caso de que empreguemos respostas do tipo **"Ningunha das anteriores", "Todas as anteriores"** ou **"A e B son correctas"**, etc...




- Imos configurar as respostas, neste caso a resposta correcta debe ter o valor 100% e decidimos descontar as negativas un **-25%**. (É importante o signo **MENOS**)
- **RECOMENDACIÓN**: 4 respostas, desconto de -20% ou -25% máximo. 5 respostas, desconto de -20% máximo


Respuestas
Elección 1
Párrafo
O impacto de un meteorito
Ruta: p
Calificación
100%
Esta é a correcta (100%)
Retroalimentación
Párrafo
Ruta: p
Elección 2
Párrafo
Calentamento global.
Ruta: p
Calificación
-25%
Incorrecta (-25% ou -20%)
Retroalimentación
Párrafo
Ruta: p
Elección 3
Párrafo
Subida das mareas.
Ruta: p
Calificación
-25%
Incorrecta (-25% ou -20%)
Retroalimentación
Párrafo
Ruta: p
Elección 4
Párrafo
Intoxicación por metano ambiental.
Ruta: p
Calificación
-25%
Incorrecta (-25% ou -20%)
Retroalimentación
Párrafo
Ruta: p

- Deixamos preparada a pregunta por se a utilizamos nalgunha ocasión en cuestionarios de MÚLTIPLES INTENTOS. Establecemos penalización del 20% para o segundo e posteriores intentos. Esta penalización non terá efecto se utilizamos a pregunta en cuestionarios de un ÚNICO INTENTO.



## PR1020- Preparar pregunta de resposta MÚLTIPLE con VARIAS OPCIÓNS CORRECTAS e SEN penalizar incorrectas.

- Recomendación de non cambiar a puntuación por defecto ( que é 1).
- Recomendable a opción de **"Barajar respuestas"**, para que cada alumno as teña desordenadas.

**NON usar** no caso de que empreguemos respostas do tipo **"Ningunha das anteriores", "Todas as anteriores"** ou **"A e B son correctas"**, etc...

- **CASO PRÁCTICO:** Se temos 6 respostas das que 3 son correctas e 3 non. Poremos valor 33,33% nas dúas respostas correctas.




- Imos configurar as respostas, neste caso **a resposta correcta debe ter o valor 33,33%** e decidimos **NON** descontar as incorrectas.


Respuestas
Elección 1
Párrafo
Foron moluscos e xa están extintos
Ruta: p
Calificación
33,33333%
Esta é unha correcta (33%)
Retroalimentación
Párrafo
Ruta: p
Elección 2
Párrafo
Eran da familia dos pulpos e chipiróns.
Ruta: p
Calificación
33,33333%
Esta é unha correcta (33%)
Retroalimentación
Párrafo
Ruta: p
Elección 3
Párrafo
O mais antigo coñecido é o Nautilus.
Ruta: p
Calificación
33,33333%
Esta é unha correcta (33%)
Retroalimentación
Párrafo
Ruta: p


Elección 4
Párrafo
A súa existencia remóntase ao Silúrico.
Ruta: p
Calificación
Ninguno
Non penaliza
Retroalimentación
Párrafo
Ruta: p
Elección 5
Párrafo
Non tiñan partes duras.
Ruta: p
Calificación
Ninguno
Non penaliza
Retroalimentación
Párrafo
Ruta: p
Elección 6
Párrafo
Os mais grandes medían5 centímetros.
Ruta: p
Calificación
Ninguno
Non penaliza
Retroalimentación
Párrafo
Ruta: p

## PR1021- Preparar pregunta de resposta MÚLTIPLE con VARIAS OPCIÓNS CORRECTAS e penalizando incorrectas.

- Recomendación de non cambiar a puntuación por defecto (que é 1).
- Recomendable a opción de **"Barajar respuestas"**, para que cada alumno as teña desordenadas.

**NON usar** no caso de que empreguemos respostas do tipo **"Ningunha das anteriores", "Todas as anteriores"** ou **"A e B son correctas"**, etc...

- **CASO PRÁCTICO:** Se temos 5 respostas das que 3 son correctas e 2 non. Poremos valor 33,33% nas dúas respostas correctas e **-50% nas incorrectas**. (As incorrectas deben sumar ao menos **-100%**)




- Imos configurar as respostas, neste caso **cada resposta correcta debe ter o valor 33,33%** e decidimos descontar as negativas cun **50%**.


Respuestas
Elección 1
Párrafo
Foron moluscos e xa están extintos
Ruta: p
Calificación
33,33333%
Esta é unha correcta (33%)
Retroalimentación
Párrafo
Ruta: p
Elección 2
Párrafo
Eran da familia dos pulpos e chipiróns.
Ruta: p
Calificación
33,33333%
Esta é unha correcta (33%)
Retroalimentación
Párrafo
Ruta: p
Elección 3
Párrafo
O mais antigo coñecido é o Nautilus.
Ruta: p
Calificación
33,33333%
Esta é unha correcta (33%)
Retroalimentación
Párrafo
Ruta: p

- A suma das incorrectas debe ser -100%.
- En caso de que as respostas do alumno supoñan obter unha puntuación negativa na pregunta, o valor obtido na pregunta que lle outorgará o sistema será **CERO**.



PR10130- Preparar pregunta de resposta VERDADEIRO/FALSO.

- Recomendación de non cambiar a puntuación por defecto (que é 1).



## PR10140- Preparar pregunta de ENSAIO.

- As preguntas tipo ENSAYO permite que o alumno escriba unha cantidade de texto como resposta.



- Podemos elixir se pode usar texto HTML ou tamaño en liñas do texto e se pode achegar algún arquivo. Neste exemplo permitimos texto HTML cun máximo de 15 liñas.




- Temos a opción de que poda adxuntar arquivos, se fose o caso.

## PR10150IM – Importar Preguntas de un documento WORD.

- Podemos incorporar preguntas feitas nun documento word. As preguntas e as suas respostas deben estar nun formato específico. As respostas deben ir numeradas e a resposta correcta a marcamos con ANSWER: D (indicando cal das opcións e a válida)(Está a túa disposición un DOCX de exemplo):

```
    Cal é a resposta correcta a esta pregunta?
A.  Esta?
B.  Pode que esta?
C.  Ou non será esta?
D.  Vai ser esta fixo!
ANSWER: D
    Que plataforma ten mais ferramentas?
A.  Moodle
B.  Atutor
C.  Claroline
D.  Blackboard
E.  WebCT
F.  Ilias
ANSWER: A
```

- Unha vez que temos gardado o documento deberemos exportalo a un formato axeitado para faitic. Faremos **GARDAR COMO TEXTO SEN FORMATO** e logo de darlle a gardar elixiremos o formato **Unicode (UTF-8)**. (De este xeito preservamos letra Ñ, acentos e outros caracteres especiais).



- En moodle só teremos que importalas empregando o arquivo que acabamos de crear, escollendo formato **Aiken** e elixindo a categoría na que imos incorporalas.




- Unha vez importadas as preguntas poderemos personalizalas poñerndo penalizacións nas repsostas negativas, desorden nas respostas, etc.

CU1010S- Cuestionario de UN INTENTO, con preguntas que SI ou NON puntúan negativo.

**Os erros nas preguntas puntuarán de xeito negativo ou non en función de como foron definidas. Se foron definidas con penalización nas respostas incorrectas, no cuestionario descontarán.**



## CU3090ALE – Facer que as respostas de cada pregunta sexan aleatorias para cada estudante.

- Podemos activar a opción se definimos anteriormente todas as nosas preguntas coa opción **"Barajar Respuestas".**

**NON usar no caso de que empreguemos respostas do tipo "Ningunha das anteriores", "Todas as anteriores" ou "A e B son correctas", etc...**




## CU3005PUN – Establecer puntuación total do cuestionario.

- Editamos cuestionario e establecemos a puntuación máxima (por defecto e 10) e gardamos.






## CU3010SEL- Incorporar preguntas seleccionadas manualmente a un cuestionario.

- Editamos cuestionario e engadimos preguntas manualmente.







- Eliximos a pregunta ou preguntas e as engadimos.




- Ao rematar debemos darlle a **GUARDAR**.



## CU3010RND- Incorporar preguntas ao azar dun banco de preguntas a un cuestionario.




- Editamos cuestionario e engadimos preguntas aleatoriamente.




- Eliximos cantas preguntas e de que categoría as engadimos.
  Se non eximos categoría incluirá de entre todas as categorías.
- Este proceso pode repetirse as veces que precisemos.



- Neste outro caso elixiremos só de unha categoría.
- Este proceso pode repetirse as veces que precisemos.




- Ao rematar debemos darlle a **GUARDAR**.



CU3020MEZ – Facer que as preguntas estean desordenadas para cada alumno.

- Podemos facer que as preguntas estean desordenadas para cada alumno que cubra o cuestionario.



## CU4010CUAL - Ver as cualificacións dos alumnos.

- Podemos acceder ás cualificacións dos envíos dos alumnos en CALIFICACIONES e en RESPUESTAS DETALLADAS.




## CU4020COR - Corrección ou rectificación manual dunha nota.

- No apartado CALIFICACIONES.



| | | Nombre / Apellido(s) | Dirección de correo | Estado | Comenzado el | Finalizado | Tiempo requerido | Calificación/10,00 | Recalificar |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ☑ | | convidado Olivares Requejo Revisión del intento | [redacted]@outlook.com | Finalizado | 29 de abril de 2020 15:34 | 29 de abril de 2020 15:35 | 28 segundos | ~~2,94~~/ 2,50 | Necesario |
| | | Promedio general | | | | | | 2,94 (1) | |








## CU4025DEL- Eliminar un intento feito por un alumno.

- No apartado **CALIFICACIONES** podemos seleccionar o intento do alumno e eliminalo.

| | | Nombre / Apellido(s) | Dirección de correo | Estado | Comenzado el | Finalizado | Tiempo requerido | Calificación/10,00 | Recalificar |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ☑ | | **convidado Olivares Requejo** Revisión del intento | [redacted]@outlook.com | Finalizado | 29 de abril de 2020 15:34 | 29 de abril de 2020 15:35 | 28 segundos | ~~2,94~~/ 2,50 | Necesario |
| | | **Promedio general** | | | | | | **2,94 (1)** | |

Seleccionar todos / Omitir todos | Volver a calificar los intentos seleccionados | Eliminar los intentos seleccionados